QUEN SOMOS

# Asociación Vento Noso

Somos unha asociación sen ánimo de lucro creada en 2006 que traballa en toda Galicia para promover as enerxías renovables, conservar os recursos naturais e defender os dereitos das persoas propietarias de terreos afectados por parques e infraestruturas eólicas.

## Por que este programa?

**+4.000**
aeroxeradores instalados en máis de 100 concellos galegos

**+4.800 MW**
de nova potencia eólica previstos en Galicia nos vindeiros anos

Moitas persoas reciben ofertas ou notificacións sen saber que dereitos teñen. Por iso ofrecemos información

CONTACTO

# Falamos?

Escríbenos ou chámanos e o noso equipo técnico e xurídico atenderá a túa consulta.


asociacionventonoso@gmail.com

981 530 500

www.ventonoso.com

Rúa Doutor Maceira, 13 baixo
15706 Santiago de Compostela



PROGRAMA SUBVENCIONADO POLA

DEPUTACIÓN DE LUGO


ASOCIACIÓN VENTO NOSO

PROGRAMA DE ASESORAMENTO

# Un parque eólico na túa terra?

Información e asesoramento a propietarios afectados e poboación xeral nos concellos rurais da provincia de Lugo.

01

## Charlas e reunións informativas

Achegámonos ás parroquias e concellos afectados por parques eólicos.

### Para a poboación xeral

O marco actual da enerxía eólica e as súas principais afeccións e impactos.

### Para propietarios afectados

Negociación coas promotoras, prezos ofertados por zonas e procedemento de expropiación.

### Con colectivos veciñais

Reunións con información xeral e práctica sobre os parques eólicos.

02

## Asesoramento personalizado

Técnicos e xuristas con experiencia atenden o teu caso concreto.

### Alegacións

Axudámoste a presentar alegacións na exposición pública do impacto ambiental e do plan sectorial.

### Negociación coas eólicas

Apoio técnico-xurídico se o parque, as súas pistas, subestacións ou liñas afectan á túa propiedade.

**COMO ACCEDER**

Por teléfono, por correo electrónico ou nos nosos espazos de referencia na provincia de Lugo.

03

## Que podes consultarnos?

- Tramitación administrativa dos parques
- Lexislación eólica e Plan sectorial
- Impostos e taxas municipais, canon eólico e Fondo de Compensación
- Utilidade pública e expropiación
- Prezos de referencia de alugueiro e compra de terreos
- Contratos que ofrecen as empresas
- Impactos dos parques eólicos

### Na nosa web

Información centralizada sobre os parques proxectados na provincia de Lugo e un apartado para enviar as túas consultas.